

## **ORDENANZA Nº 15 SOLO RÚSTICO DE PROTECCIÓN ECOLÓXICA**

### 1. Ámbito de aplicación.

Está constituído por aqueles terreos que polos seus valores ambientais, ecolóxicos, biolóxicos, botánicos, paisaxísticos, científicos, educativos ou recreativos deben preservarse para a súa protección ou mellora e que se delimitan nos planos de Ordenación.

### 2. Usos permitidos.

#### 1. Usos permitidos por licenza municipal:

Os relacionados no apartado 1, letras b) e c), e no apartado 2, letra i) do artigo 4.1.24 destas normas.

#### 2. Usos autorizables pola Comunidade Autónoma:

Os vinculados á conservación, utilización e aproveitamento do medio natural sempre que non atenten contra os valores obxecto de protección, así como os relacionados no apartado 2, letra e) do artigo 4.1.24. destas normas

#### 3. Usos prohibidos:

Tódolos demais, especialmente os usos residenciais, industriais e actividades extractivas de calquera índole.

### 3. Réxime transitorio.

As instalacións industriais e explotacións existentes á entrada en vigor do presente Plan Xeral poderán continua-la súa actividade sempre que, en dita data, estean amparadas por licencias, autorizacións ou concesións outorgadas polas Administracións Públicas competentes, nas que se faga constar como condicionado esencial das mesmas o conxunto de medidas que obrigan ós seus titulares a levar a cabo actuacións preservadoras do medio ambiente.